

# CONCRECIÓN CURRICULAR

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15021780	CEIP Plurilingüe Bragade	Oza-Cesuras	2024/2025

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias clave	3
c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais	4
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	4
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	5
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	6
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	6
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	6
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	7
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	7
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	10
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas	10
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	12
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	13
o) Outros apartados	13

## a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

Reflectiranse/Artellaranse nas Programacións Didácticas e na programación de actividades e tarefas que se elaboran con carácter anual.

## b) A contribución á adquisición das competencias clave

1. CCL: competencia en comunicación lingüística
2. CP: competencia plurilingüe
3. STEM: competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría
4. CD: competencia dixital
5. CPSAA: competencia persoal, social e de aprender a aprender
6. CC: competencia cidadá
7. CE: competencia emprendedora
8. CCEC: competencia en conciencia e expresión culturais

A contribución porcentual das áreas con respecto a cada competencia, estableceranse nas programacións específicas.

Neste centro as prioridades competenciais que se deben conseguir co alumnado ao rematar a Etapa de Educación Primaria, son as seguintes:

### CCL (COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA):

- Utilizará a lingua oral e escrita en múltiples contextos e empregará de forma funcional a primeira lingua estranxeira.

### CP (COMPETENCIA PLURILINGÜE):

- Terá capacidade para empregar as tres linguas de referencia, tendo en conta as súas experiencias lingüísticas persoais e a capacidade para seguir aprendendo a partir do que xa coñece.

### STEM (COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA, TECNOLOXÍA E ENXEÑARÍA):

- Empregará, espontáneamente, nos ámbitos persoal e social, os elementos e razoamentos matemáticos para interpretar e producir información e para resolver problemas que se dan en situacións cotiás.

### CD (COMPETENCIA DIXITAL):

- Fará uso habitual dos recursos tecnolóxicos dispoñibles para resolver problemas reais de modo eficiente.
- Avaliará e seleccionará novas fontes de información e innovación tecnolóxicas a medida que van aparecendo, en función da súa utilidade, para acometer tarefas ou obxectivos específicos.
- Ser unha persoa autónoma, eficaz, responsable, crítica e reflexiva ao seleccionar, tratar e empregar a información, as súas fontes e as distintas ferramentas tecnolóxicas.

### CPSAA (COMPETENCIA PERSOAL, SOCIAL E DE APRENDER A APRENDER):

- Xestionará e controlará as súas propias capacidades e coñecementos desde un sentimento de autonomía persoal.

### CC (COMPETENCIA CIDADÁ):

- Comprenderá a realidade social na que vive.
- Afrontará a convivencia e os conflitos empregando o xuízo ético baseado en prácticas democráticas.
- Exercerá a cidadanía actuando con criterio propio.
- Contribuirá á construción da paz e a democracia, mantendo unha actitude solidaria e responsable ante o cumprimento dos dereitos e obrigas.

#### CE (COMPETENCIA EMPRENDEDORA):

- Imaxinará, emprenderá, desenvolverá e avaliará accións e proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza, responsabilidade e espírito crítico.
- Acadará cualidades e habilidades persoais, sociais e de liderado.

#### CCEC (COMPETENCIA EN CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS):

- Terá adquirido un coñecemento básico das manifestacións culturais e artísticas fundamentais.
- Adoptará unha actitude respectuosa e crítica ante as distintas manifestacións culturais e artísticas, e o desexo e vontade de cultivar a propia capacidade estética e creadora.
- Amosará interese por participar na vida cultural e por contribuír a conservar o patrimonio artístico e cultural.

### **c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais**

Os criterios que se seguirán para incorporar os elementos transversais terán en conta:

1. A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento traballaránse en todas as áreas.
2. Promoverase a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.
3. Así mesmo, prestarase especial atención á orientación educativa, á acción tutorial e á educación emocional e en valores.
4. Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
5. Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

### **d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía**

A comunidade educativa considera moi importante o proceso de aprendizaxe do alumnado. Por iso este centro cre oportuno que o alumnado sexa protagonista activo do seu propio proceso, proporcionándose os recursos materiais e humanos necesarios para conseguir o seu pleno desenvolvemento.

Farase de xeito que a aprendizaxe sexa significativa (relacionada cos coñecementos previos e centros de interese); de forma globalizada e secuencializada gradualmente; procurarase unha aprendizaxe comprensiva máis que memorística.

A metodoloxía será:

- Activa.
- Participativa.
- Individualizada.
- Socializadora.
- Motivadora.
- Potenciadora da autoestima e o éxito.
- Ecléctica.

Todo iso encamiñado a conseguir que o alumnado sexa:

- Responsable.
- Autónomo.

- Sociable.
- Tolerante.
- Que aprenda a vivir en sociedade.

## e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos

### INFANTIL

Nesta etapa é moi importante a selección do material, que debe ser moi variado e que sirva para desenvolver as capacidades afectivas, físicas, intelectuais e adecuadas ás súas posibilidades. Dentro do material didáctico seleccionado haberá: xogos educativos, material impreso, instrumentos de ritmo, pinturas, material de refugallo, materiais para elaborar outros materiais, etc.

A elección farase en función de:

- Os obxectivos que se plantexan dentro da etapa.
- As situación educativas.
- O nivel de desenvolvemento do alumnado.
- Das situacións que desexamos propiciar.

Outros aspectos que se terán en conta á hora de seleccionar o material son:

- Que sexa seguro
- Resistente e duradeiro.
- Fácil de manexar.
- Finalidade pedagóxica.
- Atractivo.
- Polivalente.
- Que convide a experimentar.
- Sempre situado ao alcance de todo o alumnado
- Colocado e clasificado segundo o Obradoiro ao que pertence.

### PRIMARIA

Os criterios de selección dos materiais curriculares son os seguintes:

- Adecuación ao contexto educativo do centro.
- Coherencia dos contidos cos obxectivos, presenza dos diferentes tipos de contido e inclusión dos temas transversais.
- A adecuación dos criterios de avaliación do centro.
- A claridade e amenidade gráfica e expositiva.
- A existencia doutros recursos que facilitan a actividade educativa.

Atendendo a todos eles, establecemos unha serie de pautas concretas:

- Cubre os obxectivos do currículo para o nivel.
- O número de unidades organiza adecuadamente o curso.
- Os obxectivos están claramente explicitados.
- Os contidos seleccionáronse en función dos obxectivos.
- A selección de contidos está adecuada ao nivel de desenvolvemento e maduración do alumnado.
- Contempla contidos procedimentais e actitudinais.
- A progresión é axeitada.
- Integra dunha forma plena a presenza dos temas transversais.
- Parte dos coñecementos previos do alumnado.
- Asegura a realización de aprendizaxes significativas.
- Esperta a motivación cara ao estudo e a aprendizaxe.
- Potencia o uso das técnicas de traballo intelectual.
- Presenta actividades de reforzo e ampliación.

- A cantidade de actividades é suficiente.
- Permiten a atención á diversidade.
- As actividades están ben diferenciadas dos contidos.
- As informacións son exactas, actuais e cientificamente rigorosas.
- A información e as explicacións dos conceptos exprésanse con claridade.
- A linguaxe está adaptada ao nivel.
- A disposición dos elementos nas páxinas aparece clara e ben diferenciada.
- O aspecto do libro resulta agradable e atractivo para o alumnado.
- Presenta materiais complementarios que facilitan o desenvolvemento do proceso docente.

#### **f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso**

O Equipo Directivo elaborará os documentos relativos no tocante á oferta de materias optativas: Relixión Católica/Atención Educativa (infantil), Relixión Católica/Proxecto Competencial (primaria). Tamén se terán en conta os proxectos ofertados.

Ditos documentos deberán formar parte do Proxecto Educativo.

#### **g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias**

Á hora de deseñar as actividades complementarias teranse en conta os seguintes aspectos:

- Intentarase unha distribución equilibrada ao longo dos trimestres.
- É importante ter en conta, como punto de partida, a memoria específica do curso anterior.
  - Será necesaria a información previa á Xefatura de Estudos e ao Equipo de Actividades Complementarias, alomenos cunha semana de antelación, da actividade a realizar para a reorganización dos horarios do modo máis axeitado para o funcionamento do centro.
  - As actividades complementarias informaranse pola mensaxería e/ou na sala de Mestres.
  - Ao inicio de curso realizarase unha proposta xeral de actividades que será aprobada na PXA polo Consello Escolar.
- En Infantil e Primaria cada grupo de alumnado irá acompañado preferentemente polo/a correspondente titor/a e algún docente de apoio cando as actividades complementarias teñan lugar fóra do centro.
  - O/A titor/a poderá impedir a participación do alumnado que teña amonestacións ou que perturbase con anterioridade o normal desenvolvemento dunha actividade complementaria.
  - A posible precaria situación económica das familias non serán impedimento para que o alumnado vulnerable deixe de acudir a algunha actividade por dito motivo. Nese caso cubrirase a través das partidas de gastos de funcionamento do centro.
  - Incentivaranse as actividades que supoñan a participación das distintas etapas e ciclos.
  - O alumnado que non acuda a algunha actividade quedará perfectamente atendido polo persoal docente que desde a Xefatura de Estudos se estableza.

#### **h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso**

O alumnado que promociona con materias suspensas atópase nunha situación de inferioridade de condicións que o resto dos seus compañeiros e das súas compañeiras, ademais de ter que enfrontarse ás dificultades dun nivel educativo superior, cun desfase curricular e competencial. Polo tanto, cómpre establecer o diagnóstico para elaborar un plan axeitado ás súas necesidades. Algunhas das materias non superadas terán continuidade no novo curso e, incluso, apoiaranse en coñecementos que tería que ter adquiridos. Outras materias perden vinculación e non teñen continuidade no novo nivel, polo que terase que realizar un plantexamento diferenciado para unhas e outras.

Para aquel alumnado que promociona con materias pendentes partiráse do grao de adquisición de obxectivos e competencias, así como das aprendizaxes imprescindibles de cada área ou materia pendente de superación.

Estableceráse un plan de traballo no que determinemos os coñecementos necesarios que deben ser adquiridos, as tarefas específicas e os espazos e tempos nos que se levarán a cabo.

Determinarase a responsabilidade de supervisión e os prazos para levala a cabo.

No tocante á coordinación entre etapas educativas, basearase, especialmente, na coordinación, é dicir, na toma de decisións conxuntas sobre aprendizaxes imprescindibles e a súa gradación por niveis.

Neste centro realizarase a través da comisión de coordinación pedagóxica e, con respecto ao centro de adscrición, levarémola a cabo a través de reunións periódicas co Equipo Directivo así como co Departamento de Orientación do IES As Mariñas de Betanzos.

### **i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso**

Cando o alumnado permaneza un ano máis no mesmo curso elaboraráse un plan específico de reforzo. Os criterios para o deseño do plan específico de reforzo segundo o artigo 50 da Orde 8 de setembro de 2021, deben incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

Asemade, en cada sesión de avaliación farase o seguimento tanto dos criterios coma do plan específico de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceda. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

O alumnado que permanece un ano máis no mesmo curso, non está no mesmo punto de partida que os seus compañeiros e as súas compañeiras porque xa cursou o nivel. Terá adquiridos uns coñecementos determinados e terá que completalos cos que non adquiriu. Trátase de darlle máis tempo para chegar á meta, pero non de facerlle repetir o camiño. O equipo docente debe coñecer este punto de partida, saber que sabe e que non sabe o/a alumno/a, posto que foi avaliado no seu momento.

Tamén deberá avaliar o proceso seguido para intentar atopar outras vías alternativas que lle faciliten a consecución dos obxectivos propostos.

Polo tanto, partirase do grao de adquisición dos obxectivos, competencias e aprendizaxes imprescindibles.

Trazaranse uns obxectivos prioritarios para cada alumno e alumna e unhas orientacións pedagóxicas, que formarán parte do plan individualizado.

### **j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación**

Para realizar a avaliación teremos en conta as características singulares do alumnado e o contexto sociocultural no que está enmarcado o centro.

A avaliación do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo tomará como referente os criterios de avaliación fixados con carácter xeral, establecendo, para o alumnado que o requira, a adaptación das condicións de realización da avaliación, de forma que se garanta a obtención da información referente á aprendizaxe. Cando o alumnado teña autorizada unha adaptación curricular, os criterios de avaliación serán os establecidos na dita adaptación.

Non se debe esquecer que o éxito escolar mídese polo grao de consecución das Competencias Básicas e que o esforzo para o desenvolvemento das mesmas corresponde a toda a comunidade educativa (profesorado, familias...) xa que se trata dunha tarefa compartida.

O contexto da educación atópase nun momento no que é tremendamente importante levar a cabo unha avaliación colexiada, consensuada e que permita ao persoal docente obter toda a información precisa para regular os procesos de ensinanza-aprendizaxe.

Para acadar unha coherencia no proceso, débense tomar acordos vinculantes e compartidos.  
EDUCACIÓN INFANTIL (ORDE 30 de maio de 2023):

A avaliación do alumnado en educación infantil terá, como principal obxectivo, ofrecer información de como se está desenvolvendo o proceso educativo para unha intervención máis axeitada cara a mellora.

Para iso, a avaliación debe explicar e describir os progresos que os nenos e as nenas realizan e as dificultades coas que se atopan, así como as estratexias e recursos que se poñen en xogo en dito proceso. Isto permitirá o axuste progresivo da axuda pedagóxica ás súas características e necesidades particulares por parte do persoal profesional da educación.

De maneira concreta empregaremos os seguintes procedementos e instrumentos de avaliación:

**PROCEDEMENTOS:**

- Observación
- Traballos de clase
- Entrevistas coas familias

**INSTRUMENTOS:**

- Diario
- Anecdótico
- Boletín informativo trimestral de información ás familias
- Rexistro de cumprimento da normas de clase
- Ficha persoal do/a alumno/a
- Traballos individuais
- Diálogos e conversas na asemblea
- Participación activa nas actividades comúns e/ou colectivas
- Cuestionarios
- Rexistros

EDUCACIÓN PRIMARIA (ORDE do 26 de maio 2023) (ORDE do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria)

**QUE SE AVALÍA?:**

O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes.

**DEREITO A UNHA AVALIACIÓN OBXECTIVA E RECLAMACIÓNS:**

Co fin de garantir o dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva e a que a súa dedicación, esforzo e rendemento sexan valorados e recoñecidos con obxectividade estarase ao disposto na Orde do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación primaria.

**ALUMNADO CON NEAE:**

Os centros aplicarán as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás circunstancias do alumnado con necesidade específica de apoio educativo de acordo coa Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Estas adaptacións en ningún caso se terán en conta para minorar as cualificacións obtidas polo alumnado. Poderá prolongarse un curso adicional a súa escolarización.

**CRITERIOS XERAIS DE AVALIACIÓN:**

En cada un dos cursos, os/as titores/as realizarán unha avaliación inicial do alumnado que completarase coa análise dos datos e información recibidas do/a titor/a do curso anterior. Isto permitirá adoptar as medidas de reforzo e de



recuperación para o alumnado que o precise, así como as decisións oportunas sobre a programación a elaborar. Ao finalizar cada curso, o profesorado que imparte cada clase a cada grupo de alumnado, levará a cabo a avaliación final dos resultados acadados polo alumnado. A valoración dos resultados consignarase nos documentos de avaliación.

O profesorado que imparte clase no curso deberán adoptar as medidas para que o cambio ao seguinte se leve a cabo coas garantías precisas de continuidade.

As principais decisións, incluídas as de promoción e acordos adoptados, serán recollidas nas actas das sesión de avaliación de final de curso.

A ponderación que se lle outorga a cada un dos instrumentos de avaliación empregados nas Programación Didácticas á hora de obter a cualificación final do alumnado, reflectirase nas Programacións en función dos niveis e especialidade, segundo o seguinte cadro pero establecendo as porcentaxes establecidas polos Equipos de Nivel e especialistas, anualmente.

**% DA CUALIFICACIÓN:**

-Probas escritas

-Táboa de indicadores (Probas orais, observación directa, traballo diario, etc.)

**PROMOCIÓN:**

Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de forma colexiada, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor.

A promoción no resto de cursos da etapa será automática.

O alumnado que promocione de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara no curso anterior.

O alumnado que non promocione permanecerá un ano máis no mesmo curso. Considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, a medida máis adecuada. Nese caso, o equipo docente organizará un plan específico de reforzo para que, durante ese curso, a alumna ou o alumno poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes. Esta decisión só poderá adoptarse unha vez durante a etapa, oídas as familias.

Para a elaboración e seguimento do plan específico de reforzo, ao que se refire o punto anterior, seguirase o establecido no artigo 50 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade. Ao finalizar os cursos segundo e cuarto da etapa o profesorado titor emitirá un informe sobre o grao de adquisición das competencias de cada alumna ou alumno, indicando no seu caso as medidas de reforzo que se deben contemplar no ciclo seguinte.

Cada alumna/o disporá ao finalizar a etapa dun informe elaborado polo profesorado titor sobre a súa evolución e o grao de adquisición das competencias desenvoltas. No caso de alumnado con necesidades educativas especiais, o informe deberá reflectir as adaptacións e medidas adoptadas e a súa necesidade de continuidade na seguinte etapa escolar.

**CRITERIOS DE PROMOCIÓN:**

Cando a promoción non sexa automática, o alumnado promocionará ao curso ou etapa seguinte, sempre que se considere que ten superados os criterios de avaliación das diferentes áreas, cando lograse os obxectivos do curso ou etapa e teña acadado o grao de adquisición das competencias correspondentes.

O alumnado que non superase os obxectivos do curso ou etapa ou que non acadase o grao de adquisición das competencias correspondentes, poderá repetir unha vez durante a etapa, cun plan específico de reforzo, recuperación e apoio, que será organizado polo equipo docente correspondente. A decisión de non promoción, é unha medida excepcional e tomarase unha vez esgotadas o resto de medidas (reforzos, apoios), unha vez escoitada a opinión das familias.

O equipo docente decidirá sobre a promoción do alumnado, tendo especial consideración a opinión do/a titor/a.

No caso de que o/a alumno/a promocióne con avaliación negativa nalgunha área, deberá establecerse un plan de actuación dirixido á mesma.

Con carácter xeral, deberán permanecer un ano máis no curso se non acadan os obxectivos mínimos nas materias instrumentais en Matemáticas e Lingua (castelá ou galega) + outra materia non instrumental ou en catro materias sendo unha instrumental.

### **k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso**

Poderá outorgarse a mención honorífica a aquel alumnado que obtivese un sobresaliente ao finalizar a educación primaria e que demostrase un rendemento académico excelente, xunto cunha boa conducta e/ou exemplarizante.

A mención honorífica poderá obterse nunha área concreta de coñecemento ao concluir sexto de primaria, e tamén no conxunto do ciclo.

Sempre e cando un/ha alumno/a superase todas as materias e acade, como norma xeral, cunha nota media igual ou superior a nove.

A matrícula honorífica rexistrárase tanto na acta de avaliación final, como no expediente e o historial académico do/a estudante.

### **l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas**

Os criterios xerais para elaborar das programacións didácticas da educación infantil e primaria fundaméntanse nos acordos previos tomados tendo en conta as liñas xerais de actuación pedagóxica do centro, os obxectivos propios para a mellora do rendemento escolar, a forma da atención á diversidade e a concreción dos elementos do currículo. Estes criterios foron elaborados tendo en conta as aportacións do Claustro de Profesorado e agrúpanse en diferentes aspectos:

#### CONTEXTO DO CENTRO:

- A primeira premisa na programación debe ser a utilidade. Non se convertirá nun mero trámite.
- Deben ser instrumentos útiles para un ensino e unha aprendizaxe de calidade.
- Realizaranse en equipo. O traballo repartirase entre os compoñentes dos equipos docentes e de ciclo.
- Atenderán ás necesidades do alumnado, ao seu contexto e características xerais.
- Tomaranse como punto de partida as ideas previas do alumnado.
  - Contemplan os obxectivos, contidos e distribución temporal por unidades didácticas adaptados ás características do centro e do alumnado, incluíndo as distintas medidas de atención á diversidade que puidesen levarse a cabo.
  - Guiaranse por criterios selectivos de aprendizaxes relevantes e imprescindibles.
  - O Plan de Acción Titorial será o referente para o desenvolvemento dalgúns dos obxectivos contemplados nas programacións.

#### EN RELACIÓN COS OBXECTIVOS:

- Aparecerán os obxectivos xerais para cada una das áreas.
- Os obxectivos adaptaranse e darán preferencia a paliar as necesidades e carencias detectadas.

#### EN RELACIÓN AOS CONTIDOS:

- Seleccionaranse, de xeito coherente e interdisciplinar, as aprendizaxes relevantes facendo fincapé na comprensión e expresión oral e escrita (fomento da lectura), e o razoamento práctico lóxico-matemático, en cada una das áreas; no tratamento das tecnoloxías da información e comunicación, especialmente no terceiro ciclo de primaria; así como na educación en valores que teñan relación cos distintos plans e programas que se están a desenvolver no centro. Así mesmo, estas aprendizaxes deben contemplar a súa contribución á adquisición das competencias clave.
  - Establecerán relación entre as distintas áreas e materias. Neste centro, polo seu carácter plurilingüe, aparecerán

contidos en inglés na materia de Ciencias Sociais en todos os cursos.

- Procurarase, así mesmo, establecer relación entre áreas e os distintos programas que se desenvolven no centro.
- Incorporaranse os contidos transversais e a educación en valores.
- Procuraranse programar Unidades Didácticas concretas relacionadas coa cultura galega.

EN RELACIÓN Á METODOLOXÍA E A ADQUISICIÓN DE COMPETENCIAS CLAVE:

- Organizar as áreas en torno a centros de interese, partindo do que arrodea ao alumnado e que sexa cercano e suxerente.
- Promover a aprendizaxe significativa.
- Establecer mecanismos de coordinación entre os distintos ciclos e etapas.
- Introducir a lectura, a expresión oral e o razoamento lóxico-matemático en cada una das áreas.
- Os equipos terán en conta que as áreas de matemáticas e linguas, dado o seu carácter instrumental para a adquisición doutros coñecementos, reciban una especial consideración no horario do centro.

Así, as programacións incluirán:

- Actividades para escritura, lectura e expresión oral.
- Pautas xerais de escritura.
- Estratexias e pautas de resolución de problemas contextualizados e reais.
- Tarefas para desenvolver as competencias clave.
- Estratexias para o traballo cooperativo.

EN RELACIÓN AOS RECURSOS E MATERIAIS:

- Os equipos docentes organizarán o espazo e tempo, así como as actividades e recursos dispoñibles, necesarios para o desenvolvemento das programacións.
- Estableceranse os criterios para una selección de materiais curriculares de calidade.
- Contemplanse o emprego da biblioteca escolar para o desenvolvemento das distintas actividades.

EN RELACIÓN Á AVALIACIÓN E AOS SEUS CRITERIOS:

- Seleccionaranse os criterios que servirán para avaliar o alumnado, rexíndose o profesorado por un sistema de cualificación claro, ao mesmo tempo que os criterios de promoción para o alumnado que cambia de ciclo/etapa, e incluírémolos nas nosas programacións.
- Incluiranse os acordos e estratexias para a avaliación inicial.

CRITERIOS XERAIS PARA ELABORAR AS PROGRAMACIÓNS:

As propostas pedagóxicas respectarán as características propias do crecemento do alumnado e das súas capacidades e posibilidades de aprendizaxe. Serán elaboradas polo equipo de ciclo/nivel e a súa aprobación corresponderá ao claustro podéndose actualizar e modificar, no seu caso, tras os procesos de autoavaliación.

É necesario ser flexibles para poder adaptar o programado ás diferentes situacións educativas.

As propostas pedagóxicas incluirán:

- A concreción do currículo en unidades de programación integradoras para cada curso.
- A forma en que se incorporarán os contidos de carácter transversal ao currículo.
- A metodoloxía a aplicar terá en conta situacións de aprendizaxe variadas nas que o/a neno/a se implique.
- As medidas de atención individualizada e de atención á diversidade.
  - O deseño e a organización dos espazos individuais e colectivos que posibiliten a súa necesidade de movementos, que propicien unha actividade creadora que favoreza, non só a adquisición de coñecementos, senón o desenvolvemento da súa independencia e autonomía.
  - A distribución do tempo.
  - A selección e organización dos recursos e materiais, que potencien a creatividade, a experimentación, a investigación e o descubrimento.
  - Os procedementos de avaliación do alumnado en consonancia coas orientacións metodolóxicas e medidas para avaliar toda a práctica docente.
  - As actuacións previstas para a colaboración permanente coas familias.
  - As pautas para a coordinación dos distintos profesionais que interveñen no centro.

#### FASES DA AVALIACIÓN:

Global, continua e formativa e terá como referente os obxectivos establecidos para as etapas. Concretarase en tres fases:

1. Avaliación inicial: pretende sinalar o grao en que se desenvolverán as distintas capacidades así como as adaptacións curriculares necesarias. Esta reflectirase obrigatoriamente polo profesorado titor no apartado correspondente do XADE de cada discente antes do 15 de outubro de 2024.
2. Avaliación continua: elaborárase un informe anual de avaliación individualizado no que se reflicten os procesos de desenvolvemento e as capacidades levadas no proceso. Na avaliación individualizada valoráranse os aspectos relevantes de cada alumno/a así como as medidas adoptadas.
3. Avaliación final: realizarase unha avaliación final individualizada a partir dos datos obtidos da avaliación continua tendo como referente os obxectivos e criterios de avaliación establecidos.

#### RELACIÓN COAS FAMILIAS:

Estableceranse canles bidireccionais de colaboración familia/escola respectando o reflectido Plan de Comunicación de Centro.

### **m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas**

Os criterios para participar en proxectos e plans e programas consensuáronse no derradeiro claustro do curso anterior celebrado o día 25 de xuño de 2024, e atendendo ás necesidades formativas dos docentes e discentes. Estes respostan a varios criterios, a saber:

- Histórico na concorrencia, experiencia e impacto no centro e na comunidade educativa dos xa realizados, que deberán ser positivos.
- Grao de valoración e satisfacción daqueles xa realizados para considerar "renovación" na solicitude, que deberán contar, por defecto, cunha valoración positiva do profesorado e cun mínimo dun 7 sobre 10 na enquisa a familias de fin de curso.
- Valoración de conveniencia en base á inversión de tempo e recursos humanos e materiais en relación ao resultado esperado naqueles de solicitude por vez 1ª.
- Compromiso do profesorado para a súa realización.

Para o curso escolar 2024/2025, solicitarase participar nos seguintes:

#### PLAMBE

- Continuidade

#### PLAN PROXECTA

- Como mínimo dun dos programas

#### CONTRATOS-PROGRAMA CPInclúe

- Como mínimo nunha das modalidades

#### CONTRATOS PROGRAMA CPInnova

- Como mínimo nunha das modalidades

#### PFPP

- Está prevista, alomenos, a concorrencia para a realización dos seguintes itinerarios, os dous primeiros de xeito continuista.
- Itinerario 1: A biblioteca escolar como eixe dinamizador do centro.
- Itinerario 2: Densevolvemento dos Polos creativos.
- Itinerario 3: Introducción á metodoloxía LÓVA (previsiblemente só nunha aula este curso académico)

#### PLAN DIXITAL

Aprobada a 1ª versión en xuño de 2022 e posto en marcha do Plan de Acción en setembro de 2022 en colaboración cos equipos ADIX móvese arredor dos seguintes obxectivos):

- Mellorar a comunicación entre docentes, titores e profesorado; Mellorar o uso do E-DIXGAL; Mellorar a competencia dixital de toda a comunidade educativa atendendo a criterios de protección de datos; Mellorar os recursos e materiais dixitais e informáticos do centro.

## **n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular**

O procedemento de seguimento do desenvolvemento da Concreción Curricular, será o seguinte:

-No contexto da avaliación procesual avaliarase, como mínimo, unha vez ao trimestre, o desenvolvemento da mesma.

Os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

-No contexto da avaliación final os aspectos a considerar incluírán, entre outros, a valoración do logro dos aspectos incluídos na Concreción Curricular e as propostas de mellora.

## **o) Outros apartados**

### **1. Revisión, seguimento e propostas de mellora**

Na última sesión do preesente curso no órgano ou equipo de ciclo correspondente.